


# **Orzamentos Xunta de Galiza 2011.**



**Gabinete técnico Confederal.**

# ORZAMENTOS XUNTA DE GALICIA 2011

Por segundo ano consecutivo, a Xunta de Galicia presenta uns orzamentos cunha dotación inferior ós do ano anterior, neste último ano a contracción é máis importante que no ano anterior, un 9,7%, fronte a un 0,9% na previsión do 2010.

Se descartamos a participación das corporacións locais ( en adiante CCLL) nos tributos do estado, na que a Xunta de Galicia tan so é intermediaria, o descenso é do 10,8%.

Coidamos que non é esta a mellor aposta no escenario macroeconómico no que nos movemos; é precisamente nos momentos de recesión, cando os poderes públicos deberían facer unha aposta por intentar saír desta situación; Todo o contrario do que pretende facer a Xunta de Galicia, que, como veremos máis adiante os capítulos de gasto que máis se reducen son os de inversión, tanto a inversión directa como a indirecta a través de transferencias outros entes públicos ou empresas privadas.

Así as cousas, o cadro macroeconómico que se nos presenta non é nada esperanzador, a previsión para 2011 é dun incremento do PIB do 1%. No que atinxe ó ano en curso, a previsión é rematalo cun crecemento nulo.

## Cadro macroeconómico

	2009	2010	2011
<b>Gasto en consumo final</b>	<b>-0,6</b>	<b>0,1</b>	<b>0,6</b>
Consumo fogares	-2,3	-0,1	1,1
Consumo AAPP	4,7	0,6	-1,0
<b>Formación bruta de capital</b>	<b>-10,0</b>	<b>-5,6</b>	<b>-1,5</b>
<b>Achega demanda interna</b>	<b>-3,5</b>	<b>-1,5</b>	<b>0,1</b>
Exportacións	-11,3	6,8	3,9
Importacións	-10,2	3,1	1,8
<b>Achega sector exterior</b>	<b>1,3</b>	<b>1,5</b>	<b>0,9</b>
<b>Produto Interior Bruto</b>	<b>-3,0</b>	<b>0,0</b>	<b>1,0</b>
Emprego	-3,9	-2,0	-0,1
Taxa de paro	12,9	15,2	15,1

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2011. Xunta de Galiza.

Este incremento da produción non vai acompañada de creación de emprego, todo o contrario prevese que durante 2011 se continúen destruindo postos de traballo, concretamente un 0,1%. Se non se crea emprego, se cada vez un número maior de parados esgotan as prestacións, si se reduce o salario do persoal do sector público, si se conxelan as pensións... como vai aumentar o consumo dos fogares?; que é, segundo a previsión anterior, a que vai permitir

que a demanda interna teña unha aportación positiva. Estes datos son os primeiros que restan credibilidade a este orzamento.

A inversión das empresas, medida a través da formación bruta de capital, prevese que continúe descendendo, en menor medida que en anos anteriores pero descendendo; quédanos novamente a achega do sector exterior como sostén do crecemento económico galego, pero xa en menor medida que neste ano.

Durante 2010, o gasto dos non residentes ( polo xacobeo), e a mellora do comercio mundial poden permitir este aumento das exportacións, e polo tanto da demanda externa, pero é difícil que esta continúe no ano 2011.

Queremos chamar a atención sobre a gran “disposición” da economía galega para destruír emprego; en 2010, manténdose a mesma actividade económica (o PIB estáncase), prevén un descenso do 2% no número de empregados, e en 2011, cun aumento do PIB do 1%, prevén que se segan destruíndo posto de traballo, neste caso nun 0,1%. De aquí sácanse dúas conclusións claras: aumento da produtividade e a necesidade de aumentar o custe do despedido.

Como dixemos antes, a este escenario, a Xunta de Galicia prevé aportar 9.700 millóns de euros, para o cal recorre a un novo endebedamento de, neste ano de 1.144,9 millóns de euros, que reducidos os gastos destinados a amortización neste exercicio, alcánzase un endebedamento neto de 735,25 millóns de euros.

O resto dos ingresos especificase no cadro seguinte a súa procedencia.

## **Ingresos.**

A comparación co ano anterior presenta unha serie de dificultades derivadas dos cambios normativos que fan que non sexa homoxénea. Os máis salientábeis destes cambios son derivados da reforma do financiamento autonómico, ao darlles ás comunidades maior participación nos orzamentos do Estado (o IRPF pasa do 33 ao 50% e o IVE do 35 ao 50%); como contrapartida tamén diminúe o capítulo de ingresos das transferencias correntes ás comunidades autónomas. Así mesmo, a mediados de 2010 deron en modificarse os tipos de gravame do IVE, o que afecta directamente á comparación.

Orzamentos consolidados de ingresos.

Miles de euros.

Capítulos		2009	2010	2011	Variación 11/10	
					absoluta	Relativa
I.	Impostos directos	1.515.943	1.373.788	2.030.974	657.186	47,8
II.	Impostos indirectos	2.399.496	1.896.785	2.783.709	886.924	46,8
III.	Taxas, prezos e outros ingresos	285.986	270.678	281.121	10.443	3,9
IV.	Transferencias correntes	5.787.299	4.497.225	2.748.001	-1.749.224	-38,9
V.	Ingresos patrimoniais	54.380	19.689	14.214	-5.475	-27,8
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>10.043.104</b>	<b>8.058.165</b>	<b>7.858.019</b>	<b>-200.146</b>	<b>-2,5</b>
VI.	Alleamento de investimentos reais	111.099	49.400	26.520	-22.880	-46,3
VII.	Transferencias de capital	787.119	729.108	657.813	-71.295	-9,8
<b>T.</b>	<b>INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>10.941.322</b>	<b>8.836.673</b>	<b>8.542.353</b>	<b>-294.320</b>	<b>-3,3</b>
VIII.	Activos financeiros	940	765	20.755	19.990	2613,1
IX.	Pasivos financeiros	850.561	2.047.794	1.144.909	-902.885	-44,1
<b>TOTAL INGRESOS FINANCEIROS</b>		<b>851.501</b>	<b>2.048.559</b>	<b>1.165.664</b>	<b>-882.895</b>	<b>-43,1</b>
<b>Total Xunta</b>		<b>11.792.823</b>	<b>10.885.232</b>	<b>9.708.017</b>	<b>-1.177.215</b>	<b>-10,8</b>
Participación CCLL nos tributos do estado			801.000	840.000	39.000	4,9
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>11.792.823</b>	<b>11.686.232</b>	<b>10.548.017</b>	<b>-1.138.215</b>	<b>-9,7</b>

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2011. Xunta de Galiza.

Dados estes cambios normativos, soamente cabe comparar a evolución dos ingresos financeiros cos non financeiros, e sonos primeiros, os financeiros, os que sofren a maior caída, un 43%; tampouco debemos esquecer, que foron precisamente estes os que máis medraran no ano anterior, concretamente o capítulo IX; durante o ano 2010 medrou moito a débeda pública da nosa comunidade, para este próximo ano, aínda que se prevé emitir débeda por valor de 1,1 millóns de euros, é practicamente a metade menos que o ano anterior. Isto supón unha capacidade de endebedamento para o ano 2011 do 1,3% do noso PIB.

Parte desta débeda vai destinarse a amortización, polo que o endebedamento neto alcanza os 735,2 millóns de euros.

Os ingresos non financeiros descenden un 3,3%. A Xunta non aplica ningunha modificación sustancial nos tributos sobre os que ten capacidade para facelo, é máis nin tan sequera modifica o tipo de gravame dos tramos máis altos do IRPF no tramo autonómico tal e como o fixo o goberno central no tramo estatal.

Estes ingresos, prevese que se gasten como expomos a continuación.

## Gastos

Comezando a análise por capítulos, temos a seguinte distribución.

Orzamento consolidado de gastos.			Miles de euros				
Capítulo		2009	2010	2011	Variación		
					absoluta	relativa	
I.	Gastos de persoal	3.691.900	3.772.740	3.615.845	-156.895	-4,2	
II.	Gastos en bens correntes e de servizos	1.393.731	1.378.309	1.345.698	-32.611	-2,4	
III.	Gastos financeiros	147.752	157.376	195.736	38.360	24,4	
IV.	Transferencias correntes	3.386.441	2.473.954	2.328.271	-145.683	-5,9	
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>8.619.824</b>	<b>7.782.164</b>	<b>7.485.550</b>	<b>-296.614</b>	<b>-3,8</b>	
V.	Fondo de continxencia	98.814	62.008	77.820	15.812	25,5	
VI.	Investimentos reais	1.461.545	1.250.893	804.368	-446.525	-35,7	
VII.	Transferencias de capital	1.246.226	1.156.047	798.710	-357.337	-30,9	
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>2.707.772</b>	<b>2.406.940</b>	<b>1.603.078</b>	<b>-803.862</b>	<b>-33,4</b>	
<b>T. GASTOS NON FINANCEIROS</b>		<b>11.426.410</b>	<b>10.251.112</b>	<b>9.166.449</b>	<b>-1.084.663</b>	<b>-10,6</b>	
VIII.	Activos financeiros	120.482	118.171	131.908	13.737	11,6	
IX.	Pasivos financeiros	245.931	515.981	409.660	-106.321	-20,6	
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>		<b>366.413</b>	<b>634.152</b>	<b>541.568</b>	<b>-92.584</b>	<b>-14,6</b>	

Total xunta	11.792.823	10.885.264	9.708.017	-1.177.247	-10,8
Participación CCLL nos tributos do estado		801.000	840.000	39.000	4,9
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>11.792.823</b>	<b>11.686.232</b>	<b>10.548.017</b>	<b>-1.138.215</b>	<b>-9,7</b>

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2011. Xunta de Galiza.

Aínda que os gastos descenden globalmente un 10,8%, as diferenzas entre os distintos capítulos son moi avultadas, sendo os capítulos de inversión os máis prexudicados.

Tanto o capítulo VI ( inversións directas) como o VII ( transferencias a outras empresas ou organismos públicos para inversión), sofren descensos superiores ó 30%; así, en conxunto, as operacións de capital presentan unha caída do 33,4%, 804 millóns menos que o previsto gastar neste ano 2010. Non debemos esquecer que estes capítulos foron ós que se lle aplicaron a redución de fondos no exercicio anterior, naquel caso do 11%, pero a redución orzamentaria global fora dun 0,9%.

Reducir os gastos nestes capítulos é, para a CIG, do máis preocupante que se extrae da política orzamentaria que emana destes orzamentos. Consideramos que, ante a falla de expectativas no sector privado, ha corresponderlle ao público actuar como dinamizador da economía, até que polo menos esta volve á senda de crecemento e de creación de emprego.

Non debemos esquecer, así mesmo, que se van reducir os gastos en investimento público nun dos anos de forte incremento do endebedamento público ( aínda que inferior o do ano anterior), polo que esta non se vai destinar maioritariamente a investimento. Nós sempre fomos partidarios do endebedamento, cando é necesario, pero sempre que se traduza nun incremento da capacidade produtiva pública, máximo neste ano cando as previsións falan de desinvestimento privado e destrución de emprego novamente.

Non so se reduce o investimento, senón tamén o resto dos capítulos. No capítulo I , faise notar a redución dos salarios dos funcionarios, que se trafuce nunha redución do 4,2% do total do capítulo con respecto ó mesmo dato do ano anterior.

O capítulo o que menos se lle aplica o redución orzamentaria é curiosamente o capítulo II , gastos correntes e de servizos.

Para ter unha visión máis clara da política da Xunta, temos que analizar a distribución funcional do gasto .

Gastos por grupos de funcións.			Miles de euros		
Grupos de función	2009	2010	2011	Variación 11/10	% 11/10
<b>1. Servizos de carácter xeral</b>	<b>259.560</b>	<b>241.019</b>	<b>236.896</b>	<b>-4.123</b>	<b>-1,7</b>
Alta dirección da CA	44.739	41.558	39.100	-2.458	-5,9
Administración xeral	64.385	71.916	71.796	-120	-0,2
Xustiza	103.342	99.467	106.292	6.825	6,9
Administración local	12.474	10.561	8.613	-1.948	-18,4
Normalización lingüística	21.770	17.517	11.095	-6.422	-36,7
<b>2. Protección civil e seguridade cidadá</b>	<b>26.650</b>	<b>24.132</b>	<b>21.582</b>	<b>-2.550</b>	<b>-10,6</b>
Protección civil e seguridade	26.650	24.132	21.582	-2.550	-10,6
<b>3. Protección e promoción social</b>	<b>1.000.450</b>	<b>1.033.291</b>	<b>975.019</b>	<b>-58.272</b>	<b>-5,6</b>
Acción social e promoción social	568.496	636.739	612.677	-24.062	-3,8
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	420290	386803	354.476	-32.327	-8,4
Cooperación exterior	11.664	9.748	7.866	-1.882	-19,3
<b>4.- Prod. de bens púb. de carácter social</b>	<b>6.705.056</b>	<b>6.553.809</b>	<b>6.084.283</b>	<b>-469.526</b>	<b>-7,2</b>
Sanidade	3.766.309	3.728.281	3.545.214	-183.067	-4,9
Educación	2.386.160	2.379.736	2.222.223	-157.513	-6,6
Cultura	160.244	120.455	82.591	-37.864	-31,4
Deportes	41.256	34.865	22.755	-12.110	-34,7
Vivenda	208.804	162.837	97.689	-65.148	-40,0
Outros servizos comunitarios e sociais	142.282	128.208	113.811	-14.397	-11,2
<b>5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.</b>	<b>1.337.139</b>	<b>1.208.058</b>	<b>891.835</b>	<b>-316.223</b>	<b>-26,2</b>
Infraestruturas	595.773	518.168	346.357	-171.811	-33,2
Ordenación do territorio	51.171	50.456	31.150	-19.306	-38,3
Promoción de solo para actividades econ.	20.760	17.278	8.143	-9.135	-52,9
Actuacións ambientais	294.308	243.863	192.965	-50.898	-20,9
Actuacións e valorización do medio rural	181.148	187.636	134.974	-52.662	-28,1
Investigación, desenvolvemento e innovación	142.857	134.826	114.295	-20.531	-15,2
Sociedade da información e do coñecemento	45.109	50.557	59.384	8.827	17,5

Información estatística básica	6.013	5.274	4.567	-707	-13,4
<b>6.-Regulación económica de carácter xeral</b>	<b>138.264</b>	<b>134.170</b>	<b>89.885</b>	<b>-44.285</b>	<b>-33,0</b>
Actuacións económicas xerais	40.778	39.363	32.395	-6.968	-17,7
Actividades financeiras	97.486	94.807	57.490	-37.317	-39,4
<b>7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial</b>	<b>960.776</b>	<b>891.299</b>	<b>683.642</b>	<b>-207.657</b>	<b>-23,3</b>
Dinamización económica do medio rural	408.471	395.035	321.676	-73.359	-18,6
Pesca	173.568	153.637	129.704	-23.933	-15,6
Industria, enerxía e minería	60.160	54.377	35.814	-18.563	-34,1
Desenvolvemento empresarial	204.868	177.847	122.874	-54.973	-30,9
Comercio	35.225	31.366	20.983	-10.383	-33,1
Turismo	78.484	79.038	52.591	-26.447	-33,5
<b>8.-Transferencias a entidades locais</b>	<b>971.884</b>	<b>126.878</b>	<b>119.676</b>	<b>-7.202</b>	<b>-5,7</b>
Transferencias a entidades locais	971.884	126.878	119.676	-7.202	-5,7
<b>9.-Débeda pública</b>	<b>393.044</b>	<b>672.577</b>	<b>605.176</b>	<b>-67.401</b>	<b>-10,0</b>
Débeda pública	393.044	672.577	605.176	-67.401	-10,0
<b>TOTAL</b>	<b>11.792.823</b>	<b>10.855.232</b>	<b>9.708.017</b>	<b>-1.147.215</b>	<b>-10,6</b>

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2011. Xunta de Galiza.

En consonancia coa redución de gasto prevista para o ano vindeiro, tódolos grupos funcionais sofren redución en maior ou menor medida, aínda que destacan pola súa forte caída os grupos 5,6 e 7.

Analizando grupos por grupo e comezando polo **grupo 1, servizos de carácter xeral**, é o menos prexudico, xa que os fondos destinados ó mesmo tan so se reducen nun 1,7%. Dentro deste grupo, a variación dos distintos programas é moi desigual; Xustiza medra, polo forte incremento destinado a persoal ó servizo da mesma; apenas descende administración xeral, e, pola contra descenden fortemente e, novamente, os fondos destinados a normalización linguística. Logo do descenso dun 19,5% no ano 2010 con respecto ó 2009 que nos parecía alarmante, un 36,7% menos que se prevé utilizar para este programa no ano 2011 deixa este programa na metade que en 2009. é evidente que o idioma non é a prioridade deste goberno.

O grupo 2, **protección civil e seguridade cidadá**, descende na mesma proporción que o total do orzamento.



O grupo 3, **protección e promoción social**, vese afectado nun 5,6% pola redución de fondos para o próximo ano. Este grupo, é desde o punto de vista sindical o máis importante e polo tanto ímoslle dedicar especial atención.

Dentro deste grupo descende máis a partida destinada a promoción do emprego que a de promoción e acción social; comezando pola primeira, para a cal se preveu destinar 354 millóns fronte os 386 do ano anterior, un 8,4% menos, as partidas máis prexudicadas son as seguintes:

- Fomento da empregabilidade pasa de 111 a 101 millóns, un descenso do 9,9%.
- Fomento do emprego, do emprego autónomo e integración laboral, descende de 74 a 65 millóns, un 13,8%.
- Mellora dos sistema de saúde e seguridade no traballo descende desde os 12,9 millóns de 2010, ós 10,6 previstos para o ano 2011, un 21,7%
- ....

Estes descensos non son novos, veñen previstos dos xa executados no ano 2010.

Temos que salientar asemade, dous programas dentro deste grupo que ven incrementados os seus fondos, trátase do de formación profesional para desempregados ( pasa de 65,2 a 79,3 millóns), e o de mellora na cualificación no emprego que pasa de 30,4 a 33,2 millóns.

Parece vislumbrarse un certo cambio nas políticas de fomento do emprego, que irían cara a un maior fomento da cualificación dos traballadores en vez de fomentar a creación directa de emprego.

No que atinxe o programa de acción social e promoción social, que en conxunto descende un 3,8%, segundo os distintos programas que o compoñen, a variación queda como segue:

A desaparición, por lei, do organismo autónomo Servizo galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ten os seus efectos neste grupo, pero é sen dúbida o forte descenso no programa 311A, dirección e servizos sociais de promoción social que pasa de 218,1 a 133,1 millóns, redución que se da na Consellería de traballo e Benestar que pasa de 215,3 a 130,7 millóns o máis destacable deste programa; deben ser cambios no organigrama interno da Xunta, os que xustifiquen este descenso.

Entrando nos restantes programas, o que acapara unha cuantía maior de fondos é o de servizos sociais de atención ás persoas dependentes con 255,4 millóns de euros, un 2,9% máis que no ano anterior. Neste caso, a maior parte dos fondos proveñen do Estado español, e a Xunta está obrigada a achegar a parte correspondente, simplemente.

No que atinxe a protección e inserción social, que todo parece indicar que é o programa anterior chamado pensións e prestación asistenciais, aumenta desde os 35,9 millóns orzamentados no ano 2010 a 37,4 millóns para o ano 2011, un

4% máis; sen dúbida, un maior número de cidadáns desprotexidos, polos efectos da crise, obriga a incrementar esta partida.

O que sofre novamente un forte recorte orzamentario é todo o relacionado co fomento da igualdade, despois dun recorte superior o 80% no orzamento do ano 2010, novamente se reducen algunhas partidas neste novo exercicio; concretamente o programa de accións para a igualdade protección e promoción da muller redúcese desde os 8,3 millón no ano 2010 a 6,7 no 2011. a este programa asignáranse 32 millóns no ano 2009.

O programa de apoio a conciliación a vida laboral e persoal, ten presupostado 1 millón de euros, o,9 millóns foi o destinado nos orzamentos do ano 2010, lonxe quedan os 5 millóns que se destinaron no ano 2009.

Non debemos esquecer o recorte que sofre o programa de apoio as mulleres que sofren violencia de xénero, que pasa de 3,3 a 2,8 millóns, un 17,8% menos.

Hai outro programa cuxa redución nos preocupa especialmente, que é o de servizos sociais relativos as migracións, que se reduce un 47,2%, desde os 18,7 millóns de 2010 a 12,7 en 2011.

En resumo, dentro deste grupo quen vai soportar os axustes orzamentarios van ser, novamente, todos os programas relacionados co emprego, a muller e os relativos ás migracións, os grupos máis necesitados.

Dentro do grupo 4, **producción de bens públicos de carácter xeral**, vivenda, deportes e cultura son os que sofren con maior virulencia a caída orzamentaria, o mesmo que xa sucedera nos orzamentos para o ano 2010.

Sanidade e educación ven reducidos os seus fondos en menor proporción que a media do orzamento, pero aínda así, non podemos deixar de chamar a atención sobre o redución en dous programas moi importantes como son atención primario e especializada en canto a sanidade, recordar que atención primaria xa vira reducidos os seus fondos no ano anterior.

En canto a educación, tódolos programas se ven reducidos salvo o de educación especial. A redución máis importante é un ano máis o programa de prevención do abandono escolar, cun 21,5% menos de orzamentos que no ano 2010. para este programa xa se reducidos os fondos o ano anterior. Chama poderosamente a atención esta actitude por parte da Xunta de Galicia, cando é recoñecido por todos que é precisamente o abandono escolar o principal problema da nosa mocidade en idade escolar; son, en torno o 30% os alumnos que cada ano abandonan o ensino sen rematar a etapa obrigatoria, véndose abocadas a unhas expectativas laborais precarias, sen esquecer outro tipo de problemática que isto implícito en moitos casos; delincuencia, marxinalidade...

Descenden asemade os fondos destinados a educación primaria e ESO, así como a universitaria, e novamente descenden os fondos destinados a

Formación profesional, cando existe un acordo case unánime da necesidade de profesionais preparados en Galicia.

Dentro do grupo 5, **Producións de bens públicos de carácter económico**, porcentualmente é o programa de promoción do solo para actividade económicas e o de ordenación do territorio os máis prexudicados, pero en valores absolutos éo capítulo de infraestruturas con 171,1 millóns menos previstos que no ano anterior, que xa se reducira. É preocupante esta nova redución polo que significa de non apostar polo sector público nun momento no que o privado non parece que vai o ser o motor que nos saque desta crise.

No que atinxe a investigación, por un lado aumenta o destinado a sociedade do coñecemento un 17,5%, pero ó descender o programa de I+D+i un 15,2%, fai que en termos absolutos se destine menos a este capítulo.

No que atinxe ó grupo 7, **regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial**, en conxunto redúcese nun 23,3%, sendo os máis afectados os de enerxía, desenvolvemento empresarial, comercio e turismo.

Cabe destacar, pola problemática específica que esta atravesando o sector da minería na nosa comunidade, a redución dun 66% no programa de fomento da minaría, destinando tan so 2,4 millóns de euros a este fin. Xa se coñecía a problemática do sector cando se presentaron os orzamentos.

As **transferencias a entidades locais** que se recollen no grupo 8, descendem un 5,7% con respecto a 2010.

A **débeda pública**, grupo 9, convértese este ano nun grupo que non pasa desapercibido. No capítulo dos gastos recóllese a amortización da débeda máis os gastos derivados da mesma, durante 2011, a xunta prevé destinar un 10% máis que o exercicio pasado a este fin, o que en termos absolutos significa 605,1 millóns de euros.

A modo de conclusións destacaríamos a nosa preocupación pola política económica que emana destes orzamentos; non se extrae dos mesmos un cambio, un xiro, unha aposta por intentar saír da situación económica na que nos atopamos, incluso poderíamos dicir o contrario, que se utiliza a mesma para xustificar políticas que noutra situación non se atreverían a implantar, sexa a entrada de capital privado en obras públicas, descenso dos fondos destinados a igualdade, normalización linguística... é difícil senón entender como neste contexto, a inversión pública podo caer máis do 30%, 3 veces máis ca redución global do orzamento, senón é por algún tipo de política "oculta".

Tampouco deberíamos pasar por alto a contradición que supón por un lado incrementar os gastos destinados a formación dos traballadores, cando o mesmo tempo se reducen os orzamentos destinados a formación profesional e o programa de abandono escolar; se apostamos pola formación temos que

apostar pola base. Tan so se explica por “algún” compromiso, probablemente derivado dos acordos sociais.

En resumo, non son orzamentos que vaian contribuír o mudar a situación existente, nin a social nin a económica.